



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto aprobación de concesión e adianto. AMV Protección Civil. SUBVENCION NOMINATIVA 2025
Expediente: 2025/G003/000717 - 2025/A003/000010.

Antecedentes Administrativos:

- 1 No Orzamento 2025 na súa base de execución núm. 32, contéplase a seguinte subvención nominativa para o 2025:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario.	Obxecto e finalidade	CIF	Importe /€
135.480.00	Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame	Gastos de funcionamento 2025	G15652563	6.000,00

- 2 En data 10.11.2025 a Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame presenta solicitude de subvención xunto cos anexos.
- 3 O 10.11.2025 o Técnico de Administración Xeral emite informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento administrativo.
- 4 O 10.11.2025 a Alcaldía emite providencia na que dispón que por Intervención se realice a retención de crédito oportuna e se emita Informe sobre a existencia de consignación orzamentaria para o outorgamento da correspondente subvención e se remita ao Técnico de Administración Xeral o expediente para a emisión de informe-proposta.
- 5 O 10.07.2024 intervención do concello emite documento RC.
- 6 O 11.10.2025 o Técnico de Administración Xeral emite informe-proposta de resolución, propoñendo a concesión da subvención a falta do informe do informe de secretaría – intervención.
- 7 O 12.11.2025 secretaría – intervención accidental emite informe.
- 8 O 13.11.2025 incorporase ao expediente a acreditación de que o beneficiario esta ao corrente no cumprimento das súas obrigas así como memoria xustificativa das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifiquen acudir ao procedemento de adxudicación directa de subvención.

Vista a solicitude, así como o expediente instruído o efecto, en virtude do disposto no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Outorgar, con cargo á aplicación orzamentaria 135.480.00 do orzamento para o ano 2025, a seguinte **subvención nominativa:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
135.480.00	Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame	Gastos de funcionamento 2025	G15652563	6.000,00 €

Segundo.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lousame e Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame, que se recolle como Anexo a esta resolución.

Terceiro.- Proceder á autorización e disposición do gasto por importe de 6.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 135.48000.

De acordo ao disposto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo que a financiación é necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a actuación, **realizárase unha entrega de fondos con carácter previo a á xustificación por importe de 3.000,00 €**

O pagamento efectuarase unha vez asinado o Convenio de Colaboración.

O resto da subvención, xa que a natureza da subvención así o xustifica, realizarase a través de pagos a conta que responderán ao ritmo da execución das actividades subvencionadas, aboándose por contía equivalente a xustificación presentada.

En aplicación do disposto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que aprobase o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a entidade beneficiaria está exonerada de constitución de garantía.

Cuarto.- Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, co réxime de recursos aplicables.

Quinto.- Comunicar aos interesados que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención remata o **1 de febreiro de 2026.**

ANEXO:

<<

<<CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE LOUSAME E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LOUSAME 2025.

En Lousame, a - de ----- de 2025

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Esteban Ares García**, con D.N.I. nº ***8564**, Alcalde-Presidente do CONCELLO DE LOUSAME, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervéñ con capacidade plena para a firma do presente Convenio.

Doutra parte, **Don Manuel Hermo Mato**, con NIF ***6587**, presidente da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame, con CIF G-15652563.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tódalas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Lousame e a AMVPC e;

EXPOÑEN:

- I. Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción de unha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- I. Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións prevese a posibilidade de concesión directa das subvencións, previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.
- II. Que no artigo 28 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.
- III. Que no Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio 2025 está prevista unha subvención nominativa a favor da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame para financiar os gastos de funcionamento do ano 2025, por importe de 6.000,00 €.
- IV. AMVPC de Lousame está garantindo a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, mediante a realización de actividades que permiten evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e no caso, contribuír a corrixir as causas que os produciron.

En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes;

CLAÚSULAS:

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa, prevista no orzamento para o exercicio de 2025, por parte do Concello de Lousame, coa desagregación que de seguido se indica:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
135.480.00	AMVPC	Gastos de funcionamento 2.025	G15652563	6.000,00 €

SEGUNDA: As actividades subvencionadas consisten nos **gastos de funcionamento** do ano 2025, tal e como se recolle no Orzamento Municipal do Concello de Lousame.

TERCEIRA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CUARTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido (entre o 01.01.2025 até o 31.12.2025).

En ningún caso serán gastos subvencionables:

1. Os xuros debedores das contas bancarias.
1. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
2. Gastos de procedementos xudiciais.
3. Impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
4. Impostos sobre a renda.

QUINTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose **efectivamente pagado** pola entidade beneficiaria da subvención, durante o período correspondente.

SEXTA: Son obrigas dos beneficiarios:

1. Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
1. Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias ou convenio regulador.
2. Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.
4. Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos
5. Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
6. Facer constar a colaboración do Concello de Lousame en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera). Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.
7. Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc..) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado.
8. Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

SÉTIMA: Pagamento da subvención.

De acordo ao disposto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo que a financiación é necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a actuación, realizarase unha entrega de fondos con carácter previo a á xustificación por importe de 3.000,00 €





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O resto da subvención, xa que a natureza da subvención así o xustifica, realizarase a través de pagos a conta que responderán ao ritmo da execución das actividades subvencionadas, aboándose por contía equivalente a xustificación presentada.

En aplicación do disposto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que aprobase o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a entidade beneficiaria está exonerada de constitución de garantía.

Por outra banda a Base 34 das de execución do orzamento 2025 que a Alcaldía ou o concelleiro/a delegado/a, dentro das súas competencias, e mediante Decreto, poderán resolver o anticipo da subvención concedida.

OITAVA: Xustificación.

A persoa ou entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Aos efectos do disposto no art. 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000,00 €, e sempre que así se prevexa nas distintas convocatorias, para a xustificación da subvención concedida presentarse unha conta xustificativa simplificada.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Os modelos dos documentos serán os elaborados e facilitados polo Concello de Lousame.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao Doc. N°".

Coa instancia de xustificación da subvención concedida achegarase, debidamente relacionada, a seguinte documentación:

1.- Memoria Técnica da actividade realizada:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
- Número de beneficiarios desagregados por sexo.
- Declaración dos recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
- Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
- Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

2.- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.

3.- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago.

As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.
- a) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- b) Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base impositiva, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o proveedor, e o total resultante da factura.
- c) Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.

4.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

5.- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera)

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán presentar xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

6.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.

7.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.

8.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitude non sufrira variación.

9.- Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello comprobará, a través das técnicas de mostreo que se acorden en cada convocatoria, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin poderá requirir ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

10. Toda a documentación presentarse no Rexistro Xeral do Concello **antes do 1 de febreiro de 2026.**

11.- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2025, con independencia da data na que se conceda a subvención e se faga efectivo o pago.

NOVENA: Compatibilidade.

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA: Reintegro

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA: Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DUODÉCIMA: Natureza e xurisdición.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O presente Convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

E sen máis que manifestar en proba de conformidade, asinan o CONVENIO DE COLABORACIÓN no lugar e data indicados no encabezamento.

O ALCALDE,	O PRESIDENTE DA AMVPC
Estaban Ares García.	Manuel Hermo Mato

>>

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

